

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En conxunto o Instituto Enerxético de Galicia, dependente da Consellería de Economía e Industria, mobilizará a través destas iniciativas un investimento asociado de preto de máis de 100 millóns de euros

DIÉGUEZ PRESENTARÁ AOS COLECTIVOS RODEIRENSES AS ACTUACIÓNS DO INEGA NO EIDO DO AFORRO E DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E DAS ENERXÍAS RENOVABLES, QUE SUMAN MÁIS DE 28 MILLÓNS DE EUROS

- ***O director fixo fincapé en que a través deste plan de acción o Instituto Enerxético de Galicia conseguirá evitar a emisión anual de preto de 60.500 toneladas de CO2 á atmosfera***

Santiago, 16 de novembro de 2009.- O director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), Eliseo Diéguez García, realizará o próximo xoves, día 19 unha visita institucional ao Concello de Rodeiro (Pontevedra) para presentar aos distintos colectivos sociais e empresariais o labor que desenvolve o Instituto, dependente da Consellería de Economía e Industria, así como o conxunto de actuacións diversas que está a levar a cabo e o alcance das mesmas. O acto desenvolverase a partir das **17.00 horas**, **no salón de actos do Concello.**

Plan de traballo

Deste xeito, Diéguez, nativo de Camba, explicará detalladamente o plan de traballo do Inega en materia de aforro e eficiencia enerxética, que conta cun orzamento total superior aos 23 millóns de euros, e co que se mobilizará un investimento asociado ao Plan de preto de 77 millóns de euros. A través deste programa de actuacións o Inega conseguirá evitar á emisión anual á atmosfera de preto de 48.500 toneladas de CO2.

Axudas de aforro e eficiencia enerxética

Dentro deste conxunto enmárcanse as axudas de aforro e eficiencia enerxética, que cunha dotación económica de preto de 11 millóns de euros contemplan 22 liñas de actuación diferentes, e que abranguen todos os sectores económicos. Do conxunto de medidas hai 14 dirixidas especificamente aos concellos, ás que o Inega, destina máis de 4 millóns de euros, no seu ánimo de axudar ás entidades locais nesta conxuntura económica adversa. Destacan as subvencións para renovación da iluminación pública exterior onde a contía subvencionable por parte do Inega ascende ao 70% e as auditorías enerxéticas para alumeado exterior que cobren ata un máximo do 75% do investimento.

Ademais o director do Inega informará doutras accións que se están a levar a cabo no eido do aforro e da eficiencia enerxética como o Plan Renove de Electrodomésticos que vén de concluír con éxito; o Plan Renove de Fiestras cuxas axudas se abrirán o 1 de decembro, o Plan Renove de Equipos de Climatización ou o Plan Renove de Vehículos Eficientes, que se poñerán en marcha proximamente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Axudas a enerxías renovables

Eliseo Diéguez tamén fará fincapé nas axudas para o desenvolvemento de proxectos de fomento de todas as tipoloxías de fontes renovables, dotadas con preto de 6 millóns de euros, e que suporán un investimento asociado de 26 millóns de euros. A contía máxima subvencionable é, con carácter xeral, o 40%, agás no caso da tipoloxía correspondente á biomasa e á solar térmica, onde a axuda alcanza o 45% do investimento, sempre cando os beneficiarios sexan concellos. A través deste programa de axudas evítase a emisión anual de 12.069 toneladas de CO₂ á atmosfera.

As axudas de aforro e eficiencia enerxética e de enerxías renovables do Inega están abertas ata o próximo 30 de novembro. Ata o momento xa se rexistraron máis de 3.000 solicitudes de subvencións. Este ano é a primeira vez que os trámites se poden facer vía telemática, a través da web do Instituto, www.inega.es. Ademais nesta convocatoria reduciranse considerablemente os tempos de tramitación e resolución de axudas, a 4 meses e 6 meses como máximo, respectivamente.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA